

Asociacións Culturais

CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

O 21 de xaneiro de 1989 os socios de número da Coral Polifónica de Betanzos reelexiron como Presidente a Don José Díaz Germade, que procedeu ó nomeamento de Xunta Directiva. A partir dese momento tódolos proxectos do ano estiveron encamiñados á celebración do "XX ANIVERSARIO". Con este motivo organizáronse os seguintes actos:

MARZO

Día 4: Na Sala de Arte do Banco Bilbao-Vizcaya, inaugúrase a exposición de acuarelas do artista ourensán Raúl Gómez Pato, que permanece aberta ata o 17.

Día 10: O grupo Tespis representa a obra de teatro "El Baile", no Cine Capitol.

Día 11: Na igrexa de Santo Domingo, concerto a cargo do grupo de cámara Madrigalia.

Día 17: Pregón de Semana Santa, pronunciado polo Excmo. Sr. D. Ricardo Blázquez, Bispo Auxiliar de Santiago. A continuación, concerto de música sacra pola Coral.

ABRIL

Día 2: Festa da Primavera coa actuación da Tuna da Facultade de Medicina e reparto de flores polas rúas.

MAIO

Día 13: Concerto do grupo vocal Aisis na Aula de Cultura de Caixa Galicia.

XULLO

Día 24 e 25: Dentro dun programa de intercambio, a Coral recibe á Coral Excelsior de Astorga e organízanse os seguintes actos:

-O 24, encontro de corais na igrexa de Santo Domingo, coa participación da Coral Excelsior e a Coral Polifónica de Betanzos.

-O 25, misa cantada, na igrexa de Santiago, pola Coral Excelsior e o Coro da Xuventude. A continuación, festa dos Caneiros en honra dos amigos maragatos.

AGOSTO

Día 12: Concerto de verán na igrexa de Santiago, coa Coral Raíces de Catoira como invitada.

SETEMBRO

Día 10: Celebrouse a VI Romería ós Caneiros, coa participación dos socios e familiares.

NOVEMBRO

Organízase o XXI Festival Santa Cecilia, segundo o seguinte programa:

-Convocatoria do XVI Concurso Literario Xuvenil.

-O día 17 inaugúrase, na Sala de Arte do Banco Bilbao-Vizcaya unha exposición de caricaturas do artista brigantino Eduardo Muñoz Vales, que permaneceu aberta ata a clausura do festival.

-O día 18 as corais Lembranza da Terra de Valdoviño e San Valentín de Fene ofreceron un concerto na igrexa de Santo Domingo.

-O día 21, representación teatral. Roberto Leal en "Eche 20 centavos en la ranura", no Cine Alfonsetti.

-O día 22, misa de Santa Cecilia na igrexa de Santo Domingo, cantada pola Coral Polifónica de Betanzos.

-O día 24, concerto do Coro do Club de Xubilados Caixa-Galicia de Betanzos, na igrexa de Santo Domingo.

-O día 25, recital de Jazz do Swing Quartet Prague na igrexa de Santiago.

-O día 30 clausúrase o festival coa entrega de premios do Concurso Literario e a proxección da película "101 Dálmatas".

DECEMBRO

Día 7: Inaugúrase a exposición fotográfica de Manuel Ferrol na Sala de Arte do Banco de Bilbao-Vizcaya. Permanece aberta ata o día 22.

Día 22: Celébrase o Concerto de Nadal na igrexa de Santo Domingo coa participación da Agrupación Carlos Seijo e a Coral Polifónica de Betanzos.

HOMENAXES

A Coral dentro deste XX Aniversario recibiu a felicitación de organismos oficiais, fundacións, entidades culturais e sociais e persoas particulares. Hai que suliñar dunha maneira especial a recepción ofrecida polo Excmo. Concello de Betanzos a tódolos socios de número e a cea con que o Crisol das Rías homenaxeou á Coral o 4 de marzo. No transcurso desta cea comunicouse o acordo da directi-



A Coral Polifónica de Betanzos no Concello con motivo da recepción que lle dou a Corporación Municipal o 30 de marzo de 1989.

va de nomear socio honorario a este restaurante, en resposta ó agarimo que sempre mostrou pola asociación. O pergamiño que o acredita foi entregado o 25 de novembro durante a cea de Santa Cecilia.

Ese mesmo día réndeselle homenaxe a D. Esteban Vázquez en agradecemento á súa axuda e oportuna colaboración, dándolle unha placa conmemorativa. Tamén se lle impón a insignia de ouro da agrupación a D. Enrique Gómez Iglesias, polos seus 15 anos ininterrompidos como membro da Coral.

ACTUACIONES

A Coral realizou 16 actuacións no ano:

MARZO

Día 3: Misa de aniversario de Dona Concepción Castro, nai do director da Coral, Don Manuel López Castro, na igrexa de Santiago.

Día 17: Concerto de Semana Santa na igrexa de Santo Domingo.

MAIO

Día 20: Concerto na Sociedade de San Xoán de Piñeiro.

XUÑO

Día 17: Encontro de corais en Valdoviño.

Día 24: Encontro de corais na igrexa de Santo Domingo.

XULLO

Día 22: Concerto na igrexa de San Francisco, dentro das actividades de verán organizadas polo Concello de Betanzos.

Día 29: Concerto na igrexa dos PP. Redentoristas de Astorga.

Día 30: Misa cantada na parroquia de S.

Pedro de Rectivía de Astorga.

AGOSTO

Día 12: Concerto de verán na igrexa de Santiago.

Día 15: Misa en Santa María do Azougue, con motivo das festas patronais.

Día 16: Función do Voto na igrexa de Santo Domingo.

SETEMBRO

Día 30: Misa cantada na igrexa de Santiago con motivo da boda do fillo de D. Esteban Vázquez.

NOVEMBRO

Día 22: Misa de Santa Cecilia na igrexa de Santo Domingo.

DECEMBRO

Día 22: Concerto de Nadal na igrexa de Santo Domingo.

Día 24: Misa do Galo na igrexa de San Francisco.

Día 30: Concerto na Residencia García Irmáns en homenaxe ós maiores.

Hai que destacar, ademais neste ano 1989, que o 21 de abril os socios de número, en sesión extraordinaria, aproban por unanimidade a compra da casa de Castro de Unta e autorizan ó Presidente, D. José Díaz Germade a representar á Coral na dita compra.

En resumo, o XX Aniversario supuxo o recoñecemento, unha vez máis, da laboura tan significada desta institución, expresado nas felicitacións, no notable aumento dos actos organizados e no incremento económico ó contar por primeira vez cunha propiedade

inmobiliaria.

AGRUPACIÓN MUSICAL "CARLOS SEIJO"

ACTUACIÓNS

MARZO

Día 11: Con motivo do XX Aniversario da fundación da Coral Polifónica e nun entreacto do concerto ofrecido polo Coro de Cámara "Madrigalia" a Agrupación Musical "Carlos Seijo", fixo entrega dunha placa conmemorativa á Coral Polifónica.

MAIO

Día 18: Con motivo da celebración do "Día das Letras Galegas", e como colofón á conferencia pronunciada por Dona María Victoria Fernández España, a Agrupación Musical actuou no Salón de Actos de Caixa Galicia en acto organizado pola Asociación das Amas de Casa de Betanzos.

Día 23: Actuación no auditorio do Liceo de Vilagarcía, en concerto organizado polo "Grupo de Cuerda Arosa", de aquela localidade.

XUÑO

Día 17: Participación na "II Mostra da Canción Coral e Agrupacións Musicais", que se celebrou en Valdoviño.

XULLO

Día 21: Concierto no Seixo-Mugardos, en festival organizado pola Sociedade "Amigos del Arte".

AGOSTO

Día 6: Concierto no mosteiro de Bergondo, organizado pola Comisión de Festas Patronais.

Día 11: Concierto de verán na igrexa de San Francisco de Betanzos, organizado polo Concello de Betanzos, e encadrado dentro do programa de difusión cultural da Deputación da Coruña.

OUTUBRO

Día 20: Concierto no Instituto de BUP de Oleiros, con motivo da súa inauguración oficial.

NOVEMBRO

Día 26: Concierto no Centro Cultural e Recreativo de Villalba -Lugo-.

DECEMBRO

Día 16: Concierto no Colexio do Sagrado

Corazón, de Betanzos, correspondente ó programa de festexos de Nadal, organizado polo Concello de Betanzos.

Día 20: Actuación na Aula de Cultura de Caixa Galicia en Betanzos nun concerto de homenaxe á terceira idade, organizado polo Concello de Betanzos e correspondente ó programa de festexos de Nadal.

Día 22: Actuación conxunta coa Coral Polifónica de Betanzos, nun concerto de Nadal, organizado pola Coral e dentro da programación do XX Aniversario da súa fundación.

SOCIEDADE RECREATIVA, CULTURAL E DEPORTIVA DE BETANZOS

En febreiro de 1988, promovidas polo Concello de Betanzos, comenzaron as primeiras xestións para impulsar a creación que viñera a enche-lo vacío que da mesma se sentía nalgúns sectores da poboación.

Celebrouse a primeira reunión o 4 de marzo, constituíndose na mesma a Comisión Xestora para a creación da Sociedade, composta por:

Dona M^a del Carmen Iglesias Eiras
Dona M^a del Carmen Freire González
D. Andrés Gómez Dopico
D. Jesús Espiñeira Illobre
D. José Luis Abarregui Arias
D. Jesús Fuentes Otero
D. Juan Montero Ibáñez

Unha vez feitos sondeos entre a poboación, con máis de 200 solicitudes de preinscripción, celebrouse reunión na que se facultou á Xunta Xestora para a confección dos estatutos. O 8 de outubro firmouse a Acta Fundacional da entidade, quedando denominada como "*Sociedad Recreativa, Cultural y Deportiva*". En asamblea do 28 de outubro, elixeuse como Presidente a D. Andrés Gómez Dopico. Na asamblea de socios do 25 de novembro, presentouse e refrendouse a primeira Xunta Directiva da Sociedade, composta por:

Presidente: D. Andrés Gómez Dopico
Vicepresid^{te}: D. Jesús Espiñeira Illobre
Secret^o: D. Ant^o Gómez-Iglesias Casal



O Presidente da Sociedade, D. Andrés Gómez Dopico, xunto ó Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o concelleiro, D. Manuel J. Vázquez Miguez, na entrega de trofeos do X Campeonato de Axedrez "Cidade de Betanzos".

Vicesecret^a: D^a Rosa I. Lauda Brandariz
Tesoureira: D. Maximino Rey Otero
Vicetos^{ro}: D. Enrique Alonso Sanmartín
Vocais: D. José Luis Abarregui Arias,
D. Cándido Curiel Fernández, D. Manuel Lugilde Díaz, D. Francisco Martínez García e Dona Emilia Teijo Domínguez.

A continuación foi dada de alta como sociedade, no rexistro de asociacións do Goberno Civil e da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.

ACTIVIDADES

XANEIRO

-Incorporación na Sociedade do "Club de Ajedrez" por iniciativa propia.

-Os días 3, 4 e 5 celebrouse o "I Campeonato Infantil de Ajedrez" na sede da Sociedade, con participación de 40 participantes.

FEBREIRO

-O día 12, *Domingo de Piñata*, organizouse unha festa infantil de disfraces con asistencia de máis de 400 nenos. Actuou o grupo de teatro de títeres "Falcatrúa".

MARZO

Día 6: Apertura do primeiro local social situado no antigo Centro Primario de Hixiene.

Días 23 e 24 de marzo: Campeonato de axedrez en Cambre, participando o equipo da Sociedade, e chegando os seus participantes ós postos da final.

ABRIL

Día 1: Curso de iniciación ó axedrez, coa asistencia dos 15 nenos inscritos.

Día 6: Integrouse na Sociedade o "Club de Hockey", según acordo asinado entre os pais dos nenos integrantes dos equipos e a Sociedade.

-Conferencias de Orientación Universitaria: Celebráronse durante varios días dos meses de abril e maio, sobre os temas: "Nuevas profesiones"; "Medicina y enfermería"; "Veterinaria"; "Económicas, empresariales y graduado social"; "Derecho"; "Informática, arquitectura y urbanismo". Foron impartidas por especialistas nas distintas materias.

MAIO

-Charlas de orientación e iniciación apícola: O día 12 organizouse unha conferencia sobre a "Prevención y tratamiento de la Barroa", seguida dun interesante coloquio.

-Concurso do logotipo da Sociedade e exposición de tódolos traballos presentados": Fo-

ron 22, recaendo o primeiro premio en D. Javier López Vila, co tema "Cultura y Deporte".

-Exposición de debuxos e caricaturas de Siro López e edición do libro do autor para a súa entrega a todos los socios. Do 4 ó 25 unhas 100 obras, realizadas entre 1969 e 1989 colgaron das paredes do rehabilitado Edificio Arquivo.

-II Open Infantil "Montegrande", celebrado no Colexio Montegrande da Coruña os días 20, 27 e 28 de maio, lográndose un 5º posto na categoría infantil e un 6º na de alevíns.

XUÑO

-12 horas de hockey en Órdes. Campeonato disputado o 24 e gañado polo equipo da Sociedade na categoría de infantís.

XULLO

-I Festa Social de Verán (sardiñada) o día 8, coa asistencia de 400 persoas entre socios e beneficiarios. Como colofón procedeu á elevación dun pequeno globo de papel e logo actuaron grupos musicais.

AGOSTO

-Concurso Literario. Estableceronse 2 categorías e o tema versaba sobre "Betanzos, tradición e modernidade". Foron os gañadores, na categoría de adultos, D. Francisco Iglesias González e na de xuvenís, a Sra Beatriz Torres Gómez.

-Campeonato de Axedrez os días 19 e 20 coa participación de 70 persoas.

SETEMBRO

Día 22: Charla sobre apicultura, encol do tema "Extracción de la miel y cuidados culturales".

OUTUBRO

Días 6-25: Mostra de Foto-Natura relativa a 1988 e exposta por primeira vez en Galicia.

-Excursión social en 3 autobuses á Mariña Lucense e ó Occidente Asturiano.

-Curso de manualidades dende o 17 ata o remate do curso lectivo con 30 participantes.

-Escola de Axedrez. Do 21 de outubro ata maio de 1990.

-Escola de flauta. Dende o 17 ata o remate do curso escolar.

NOVEMBRO

Día 4: II Festa Social de Outono (magosto) con asistencia de máis de 500 socios e beneficiarios.

Día 7, 8 e 9: Xornadas de cine coa proxección de diversas películas e coloquio final.

DECEMBRO

-Concurso de postais de Nadal. Entrega de premios. Exposición de todos los trabajos presentados con más de 500 postais, abarcando o concurso a toda a provincia. Estableceronse 4 categorías por edades. Os 21 foron entregados os premios e inaugurouse a exposición dos trabajos presentados.

Día 21: Charla-demonstración de adornos navideños (casa, mesa, árbores). Exposición de trabajos manuales realizados polas asistentes ó cursillo de manualidades.

Días 28 e 29: II Torneo Infantil de Xadrez con 19 participantes comprendidos entre os 9 e os 13 anos.

Día 31: I Torneo de Nadal de Hockey, celebrado no Polideportivo Municipal coa participación dos equipos locais, quedando campeón o Equipo da Sociedade na categoría de infantís.

ASOCIACIÓN DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR"

XANEIRO

Todos los lunes y jueves, curso de corte e confección. Os martes manualidades: pasta rusa, pintura en tela, cuadros tridimensionales, etc.

Día 24: Viaje á Casa das Ciencias.

Día 26: Curso de cocciña

Días 26 e 27: Cursillo de nutrición na Coruña.

FEBREIRO

Todos los lunes y jueves, curso de corte e confección. Os martes, manualidades (...).

Día 14: Conferencia do doutor Jacobo Campuzano sobre "Las urgencias caseras".

Día 22: Viaje a Santiago de Compostela para visita ao Museo da Catedral.

Día 23: Curso de cocciña.

MARZO

Todos los lunes y jueves, corte e confección. Os martes, manualidades.

Día 2: Viaje á TVG, ó programa de "Arestora".

Día 9: Cocina.

Día 14: Conferencia do profesor D. Antonio Miguez sobre "La cuestión social a través

de *La Defensa*".

Día 30: Viaxe á Coruña para visita-lo Planetario.

ABRIL

Tódolos xoves, manualidades.

Día 11: Viaxe a Boiro para visita-la fábrica de conservas Escurís.

Día 15: Viaxe a Riveira con motivo do "Día Provincial del Ama de Casa".

Día 18: Charla da peluquera "Pily" sobre o cuidado do cabelo.

Día 20: Cociña.

Día 27: Viaxe a Sobrado dos Monxes para visita-lo mosteiro.

MAIO

Día 8: Viaxe a Portugal.

Día 11: Cociña.

Día 17: Concurso infantil de contos en galego con motivo do Día das Letras Galegas.

Día 18: Conferencia de Dona María Victoria Fernández España sobre "A longa noite de Celso Emilio".

Día 23: Visita ás bodegas de viño Cevisa.

XUÑO

Días 1 e 2: Cursos de nutrición na Coruña.

Día 6: Viaxe ás illas Cíes.

Día 17: Romaría de fin de curso ó Pazo de Mariñán.

OUTUBRO

Tódolos xoves, manualidades.

Día 9: Asamblea xeral.

Día 18: Viaxe a Ourense para visita-lo polígono industrial de Coren.

Día 19: Cociña.

Día 24: Conferencia do podólogo D. Francisco de la Cruz sobre "Dolencia de los pies de la mujer".

NOVEMBRO

Tódolos xoves, manualidades.

Día 3: Misa de defuntos en Santo Domingo por tódolos asociadas defuntas.

Día 6: Visita ó santuario de Nosa Señora do Chamorro en Ferrol.

Día 9: Cociña.

Día 14: Desfile de modelos de visóns do país. Conferencia do profesor D. Esteban Martínez Lago sobre "Problemas del estudiante".

Día 16: Viaxe ó Hotel Finisterre da Coruña para asistir a unha conferencia de Dona Yolanda Coma, da casa Nestlé.

Día 22: Visita á fábrica de cervexa "La Estrella de Galicia".

DECEMBRO

Tódolos xoves, manualidades.

Día 20: Concurso de villancicos.

Día 21: Cociña navideña.

Día 23: Conferencia de D. Francisco Iglesias González, profesor titular de Periodismo na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid sobre "Televisión y familia en una sociedad pluralista".

COMISIÓN DE ARTE E CULTURA POPULAR "INZAR"

As actividades fundamentais desta asociación no 1989 foron tres exposicións de pintura, debuxo e diversas técnicas artesanais (talla, ...). Realizáronse en maio con motivo do Día das Letras Galegas, nas Festas Patronais de San Roque e no Nadal e Aninovo. Todas elas cunha media de 60 obras por mostra e ubicadas no Edificio Arquivo coa colaboración do Concello de Betanzos.

Al mejor entrenador

En outubro –en su día 13, viernes– celebramos los diez primeros años del Fútbol Club Xockey. Fundado por José Luis Fernández Pereiro, y siempre por él entrenado, es el Xockey escuela donde practican fútbol-sala desde benjamines hasta mayores, sección ésta donde juega el propio Luis. Diez años desde aquel inaugural quince de outubro de 1979. Esta duración en que un particular con su esfuerzo, su ilusión y su dinero sostenga un equipo es, en nuestra ciudad y comarca, caso único.

No se limita sólo Luis a promocionar buenos deportistas; también organiza torneos, en especial con los más jóvenes. Sea dirigiendo a los suyos o a los de cualquier otra sección del Xockey, para el aficionado que frequenta nuestro Pabellón Polideportivo es familiar ver a un joven alto y delgado moviéndose por la



Tras el partido, con los obsequios municipales, el Fútbol Club de Xockey posa para su álbum de recuerdos.

De izquierda a derecha, agachados: José Amador Medín Martí; Luis Montero Sanz; José Luis Fernández Pereiro y Luis Fernando Vicos Faraldo.

Id., de pie: Francisco Díaz Pereira, concejal de Cultura y Deportes; Juan Ramón López Freire; Fernando Vicos Sanjurjo; José Luis Brea Sánchez; el alcalde, Manuel Lagares Pérez; y Sergio Cortés García.

También jugaron, aunque no están en la imagen: Carlos Fernández Pereiro y Pablo Barallobre Fernández.

(Foto Estudios Blanco).

banda: es, ya se supone, Luis. Visten esas secciones, casi siempre, de amarillo. Aquí, al hablar de los uniformes del Xockey, es de justicia citar a quien durante esos años los lavó y preparó, así como ayudó y ayuda también en otros aspectos a la chavalada: la madre de Luis, Amalia Pereiro Barreiro. Labor callada la suya, a la que ella no le da importancia. Luis –es otra singularidad– redacta casi desde la fundación del equipo un boletín donde quedan registradas las jornadas buenas y malas del Xockey. Éste, lo sabe asimismo ese aficionado, es esperado para participar en cualquiera de las categorías de nuestro fútbol-sala; entre los contrincantes del conjunto de Luis no faltarán el que tenga como mayor mérito batirlo.

El Ayuntamiento se sumó a la celebración de ese aniversario. Tanto el alcalde como el concejal de Cultura y Deportes, así como el primer teniente de alcalde y diputado provincial, aceptaron

patrocinar un partido –para el que se editaron carteles– Xockey-Mesón do Lacón, de Sada, que acabaron ganando los de Luis por 5-2, encuentro que presidió el alcalde; éste, tras él, entregó obsequios a los dos conjuntos y a Luis una elegante placa; Luis, a su vez, también obsequió al corregidor. Después de todo esto, el alcalde invitó a una cena al homenajeado y a su familia, entre otros.

Aparte de esta conmemoración, es grato igualmente para Luis recordar que no hace mucho se encontró con la sorpresa de que, tras un partido, los juveniles del Xockey le entregaran una bandeja donde leyó: "Al mejor entrenador de Betanzos".

Ahora, Luis, quedamos citados para 1999 porque para esta fecha contamos contigo y con tu Xockey.

Brais da Bouza

Actividade física na Natureza

O utro ano de andares co Deporte para Todos que representa as numerosas actividades que o Concello organiza a través do Servicio Municipal de Deportes e que centraliza preferentemente no Pabellón Polideportivo.

Como novidade importante reseñamo-la posta en funcionamento do Rocódromo en colaboración co grupo Espenuca. A partires do curso 90-91 ofertarase xa como nova escola municipal dentro das actividades da Natureza. Damos dende aquí as nosas maiores noraboaos a este novo grupo de montaña composto de rapaces betanceiros que sen dúbida formarán un embrión que encauzará os numerosos praticantes da bonita actividade que representa o montañismo.

Outra novidade xa anunciada corresponde á colaboración instimable que presta o Colexio de Educación Ambiental a moitas actividades organizadas polo Concello en temas deportivos como poden ser a Festa do Deporte e os Campeonatos de Natureza a celebrar no verán. Neste sentido a orientación creada fai anos nos nosos Campamentos entre Deporte e Educación Ambiental está fomentando o disfrute das actividades corporais nun ambiente de estudio, comprensión e respeto polo medio natural que o vemos na participación constante dos nosos rapaces e rapazas en actividades a celebrar durante todo o ano como son saídas a diversos puntos da nosa xeografía cercana.

Por estas dúas novas antes descritas podemos facer unha dedicatoria a través do título do presente artigo para significa-lo impulso forte que as actividades na natureza tiveron no ano 1989 e que o Concello de Betanzos seguirá potenciando e apoiando como un medio de mellora-la calidade de vida dos seus cidadáns.

Miguel Sánchez Ortiz*

Vive a Natureza 89-90

E ste nome agrupa unha serie de actividades que se veñen realizando no Concello de Betanzos dende o ano 1987, dentro do que constitúe o "Programa de Educación Ambiental do Concello de Betanzos".

¿Qué é a Educación Ambiental (E.A.)?

"É o proceso no que o individuo asimila conceptos e interioriza actitudes e deste xeito adquiere a capacidade e o comportamento necesario para comprender e axuizar as relacións entre unha sociedade e o seu medio biofísico, e para actuar consecuentemente coa análise efectuada" (*).

Na práctica trátase de conseguir os seguintes obxectivos xerais:

-Canalizar as sensacións dos rapaces de ambos sexos cara a un disfrute recreativo e lúdico do seu entorno.

-Estimular o estudo, coñecemento e comprensión do medio.

-Provocar unha análise crítica das relacións Home/Medio, teimando que se formulen alternativas e que se interveña dun xeito máis activo nestas relacións.

Con estes contidos, e coa mesma ilusión de sempre, léva-se adiante o programa de E. A. do verán 89 e do curso 89-90, desenvolvendo unha alternativa lúdica e criativa de formación.

Durante o verán realiza-se o xa tradicional "campamento de verán" na enseñada de Merexo (Muxía). Entre o 30 de xuño e o 11 de xullo os rapaces realizan esencialmente actividades de "animación á lectura"; "deportivas" (olímpiada da paz, wind-surf, ...); "obradoiros de cometas, orientación, ..."; minicurso de primeiros auxilios; roteiros ecolóxico-culturais estudando a flora, fauna, xeoloxía, construccions populares, arte e cultura, ... Todo isto a través dunha carpeta didáctica dotada con documentación e actividades de investigación para as propias rapazas e rapaces.

*Licenciado en Educación Física e Director do Polideportivo Municipal de Betanzos



Asamblea no campamento de Muxía.

Noutra orde de actividades lévan-se adiante os "itinerarios do verán 89".

SERRA DO COUREL. 4 días de camiño durmindo ao raso e remontando os principais ríos da zona, entre bosques mestos e agrestes montañas. Ao remate, unha pequena expedición espeleolóxica para observar as formacións Kársticas das covas de Santaia.

FRAGA DE CAAVEIRO. Entrañábel recorrido pola fraga máis representativa do bosque "clímax" galego na provincia da Coruña. De plena actualidade, naqueles momentos, polo conflicto administración-madeireiros na conservación deste excepcional enclave. Nesta saída de un día de duración participaron cativos dende os sete anos.

SERRA DA CAPELADA. Durante 3 días visitamos un dos enclaves xeolóxicos más importantes de Galicia, estudiando amais o valor histórico das súas mámoas, o antropolóxico en San Andrés de Teixido, xogando co vento e a néboa nun dos cantís más altos de Europa

(600 m.), estudiando a sucesión dos distintos tipos de bosques nela existentes, o seu peculiar microclima e moitas cousas máis.

Tamén se realizou un minicampamento en ORTIGUEIRA para facilitar ás rapazas e rapaces más novos a participación neste tipo de actividades. Estudando, nesta ocasión, a cultura castrexa, as adaptacións da flora á duna e á marisma, a zona intermareal e unha bonita experiencia didáctica no basureiro de Ortigueira, na que os rapaces levaron adiante un estudo, en equipo (e co equipo pertinente: guantes, bolsas, ...), de mostras de basura, elaborando alternativas a este tipo de "vertedeiros con incineración".

Mais adiante, xa entrados no outono, comenzañ as actividades do curso escolar, con roteiros ecolóxico-culturais centrados nos seguintes temas:

—**DONIÑOS.** Paso migratorio das aves cara ás zonas de invernada.

Vadeando o río Lor, no Courel.



-GUITIRIZ. Micoloxía.

-RÍO MENDO. Vexetación de ribeira (gromos), ornitoloxía.

-RÍO SOR. Estudo da cultura megalítica e do bosque.

Este ano amplía-se o programa no seu apartado de cursiños celebrándose os **segundos cursiños de iniciación á Ornitoloxía e á Micoloxía** con ponentes moi xoves como Pedro Alonso (ornitólogo do grupo ecoloxista ERVA de Vigo) e moi populares nas súas respectivas materias como Xosé Ramón Pato (micólogo da Asociación micolóxica Viriato); e contamos tamén con verdadeiras figuras do mundo científico galego como Luis Miguez (biólogo mariño) no **primeiro cursiño de iniciación á Biología Mariña**, ou Ramón Vidal Romaní (xeólogo) no **primeiro cursiño de iniciación á mineraloxía**.

Tamén se amplía a oferta de obradoiros e talleres:

-Un obradoiro de artesanía dirixido a mozas e mozos de BUP, COU e FP no que traballaron o coiro, o metal, ...

-E catro obradoiros de Natureza nas recentemente estrenadas casas da xuventude das parroquias de Piadela, Xanrozo, Castro e Tiobre.

Esta última actividade merece unha especial reseña, xa que, acostumbra a pensar-se que no medio rural é moi difícil estimular ós xoves no estudo da Natureza. Nesta ocasión rompéreron-se todas as prediccións, pois houbo unha resposta, un interese encomiábel que resulta moi alentador para os que levamos adiante este programa.

Tamén hai que dicer que se fixo un esforzo importante por parte do Concello para popularizar este tipo de actividades, mercando-se un material de empréstemo (mochilas, sacos, ...) a persoas con problemas económicos para participar nos itinerarios (becando-os incluso) e establecendo-se un servicio de empréstemo de tendas de campaña para as asociacións xuvenis que o soliciten. Estes dous servicios non se utilizaron todo o que se esperaba, e aproveitamos a ocasión para animar-vos, a todos os brigantinos, a que os utilicedes.

Dentro do programa de E.A. hai un apar-

tado de Educación Formal en colaboración coa escola. Este apartado está-se levando a cabo, de forma experimental, co seminario de segundo de EXB do C. P. Francisco Vales Villamarín, gracias ao esforzo continuado das mestras que o compoñen. Trátase de facilitar a "ferramenta" (máis que nada recursos humanos) para levar adiante o "curriculum" deseñado polas propias mestras, utilizando a metodoloxía da E. A. para conseguir os seus obxectivos. Esta colaboración, no momento de escreber este artigo, está ainda en fase de realización, unha vez que se remate e se avalíe, se establecerá a liña de actuación para vindeiros cursos.


Rematamos esta reseña no *Anuario Brigantino* agradecendo a vosa participación a todos os que facedes realmente posibel o programa de E. A. "VIVE A NATUREZA", os seus verdadeiros protagonistas: os xoves e "menos" xoves de Betanzos.

C. E. M. *Colectivo de Educación Medioambiental**

* "Ecología y escuela". Pedro Cañal, José E. García e Rafael Portlán.



Traballo con guías de campo en Ortigueira



Reloj solar construído no campamento de

Muxía.